

Adegas Participantes

A MAN DE PRADO	BOLMENTE	LUCENZA	CORVELLE-PROENDOS
ABORIXE VITICULTURA	BARANTES	MALCAVADA	ROSENDE
ALGUEIRA	DOADE	MARCELINO I	A CARQUEIXA-PROENDOS
ALOUVIÑO	A CARQUEIXA-PROENDOS	PETRÓN	DOADE
BARBADO	PROENDOS	PROENCIA	SANXILLAO-PROENDOS
CIVIDADE	OUTEIRO-BOLMENTE	RECTORAL DE AMANDI	AMANDI
CRUCEIRO	VILACHÁ-DOADE	REGINA VIARUM	DOADE
DON BERNARDINO	CIMA DE VILA-BROSAMOS	SOUTELO	LAMAS-BULSO
ESTRELA	VILACHÁ-DOADE	TEAR	SUAIREXA-FIGUEIROÁ
GUÍMARO	SANMIL-BROSAMOS	VAL DA LENDA	CANTON-AMANDI
GULLUFRE	LOBIOS	VIÑA FRIEIRA	VILACHA-DOADE

CATA DE VIÑOS

Cun xurado profesional integrado por enólogos e sumillers, celebrase una precata e cata final dos viños expostos na Feira.

Entréganse tres primeiros premios para viños tintos da anada de 2025, un premio para viños brancos da anada de 2025, un premio para viños rosados da anada 2025, un premio para viños tintos de anadas anteriores a 2025 e un premio para viños envellecidos en barrica.

Organiza: Vinosacra

PREGOIEIRO

Rafa Centeno é un chef autodidacta que suma dúas Estrelas Michelin: unha no seu emblemático Maruja Limón (Vigo) e outra recente en Vértigo (Sober, Lugo), obtida no 2026. A súa coíña defínese pola espontaneidade, a creatividade e o produto galego de tempada. Ademais, dirixe o restaurante Centeno en Vialia, cunha proposta saudable e vexetal.



CONCELLO INVITADO

Ribas de Sil é un concello da provincia de Lugo situado no corazón da Ribeira Sacra, coa súa capital en San Clodio. Destaca pola súa espectacular paisaxe marcada polo curso do río Sil, os viñedos en socolcos, o meandro da Cubela ou o xeoparque. É un destino clave polo seu patrimonio románico, a súa praia fluvial e a viticultura heroica.

XLVI FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

SOBER | 27.28.29 MARZO 2026

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO WWW.CONCELLODESOBER.COM

X @ f



Mes do Amandi

Sábado 28 de febreiro:

-As 12:00 horas no MIRADIRO DE XABREGA: PRESENTACIÓN DO CARTEL DA XLVI FEIRA DO VIÑO DE AMANDI, xunto coa programación de actos do Mes do Amandi e da Feira do viño de Amandi.

Domingo 1 de marzo:

-As 12:00 horas Circuito Comarcal de Cros escolar. Carreira de SOBER, no entorno do Santuario de Cadeiras. Programa Xogada da Xunta de Galicia.

Martes 3 de marzo:

-As 18:00 na Biblioteca Pública Municipal Presentación do libro "NIÑO DE BARRO Y SU METAMORFOSIS" de Esteban Jiménez. Organiza: Club de lectura Pintor de Castinandi.

Sábado 7 de marzo:

-As 19:00 horas na Igrexa de Santa María de Proendos CONCERTO do Grupo Vocal SOLO VOCES de Lugo.

Mércores 11 de marzo:

-As 12:00 horas Irmandamento coa FESTA DA FILLOA DE MUIMENTA na Escola de Hostalería de Rosende. Colaboran: Fundación Belarmino Fernández e Festa da Filloa de Muimenta.

Venres 13 de marzo:

-As 17:30 horas os participantes nas MERENDAS CON CONTOS visitaran viñedos de Viñicultores do Amandi.
-As 19:00 horas no Centro Sociocultural PRESENTACIÓN DO LIBRO "ARBORES SENLLEIRAS DO ARCIPIRESTAZGO DE AMANDI-CONCELLO DE SOBER" de Uxia Garcés Ojea. Antonio Rigueiro Rodríguez, Gaspar Bernárdez Villegas e Rosa Mosquera Losada. Edita: GDR Ribeira Sacra -Caurel

Domingo 15 de marzo:

-As 19:00 horas no Centro Sociocultural de Sober CINE-CONCERTO, O HEROE DO RÍO de Buster Keaton coa música en directo de CASPERVEK. Organiza. Sociedade Filarmónica de Montforte.

Martes 17 de marzo:

-As 18:00 horas na Biblioteca Pública Municipal. Presentación do libro "QUEDA MOITO QUE SACHAR. A literatura galega nunha caixa de zapatos" de Xosé Manuel Del Caño. Organiza: Editorial Embora e Club de lectura Pintor de Castinandi.

Xoves 18 de marzo:

-De 12:30 a 14:30 horas na Escola de Hostalería de Rosende, Xornada de Maridaxe: VIÑO DE AMANDI con produtos de IXP GRELO DE GALICIA e IXP LACÓN DE GALICIA. Colaboran: Fundación Belarmino Fernández e AGACAL.

Sábado 21 de marzo:

-Pola mañá: Andaina circular polas parroquias de Proendos, Millán e Rosende. Organiza: Asociación O Colado do Vento.

-As 19:30 horas na CASA MUSEO GENIA TRIGO de GUNDIVÓS CONCERTO de GUITARRA a cargo de GONZALO PEÑALOSA. Organiza: Xuventudes Musicais de Sober

Martes 24 de marzo:

-As 18:00 horas na Biblioteca Pública Municipal. Presentación do libro "CONTIGO MUERE TU SECRETO" de FERNANDO HERNÁNDEZ. Organiza: Club de lectura Pintor de Castinandi.

-De 10:00 a 14:00 horas no Centro Sociocultural de Sober: "V CONCURSO DE CATA POR PARELLAS".

Organiza: Fundación Belarmino Fernández.

Mércores 25 de marzo:

-As 19:00 horas no Centro Sociocultural de Sober: XORNADA TÉCNICA e CATA "Variedades resistentes a enfermidades: un futuro prometedore para o viñedo". Coordina: Instituto Tecnológico Agrario de Castilla y León e o enxeñeiro Alfonso Losada.

Xoves 26 de marzo:

-As 18:30 horas no Centro Sociocultural de Sober: XORNADA TÉCNICA e CATA "No/Low, high level: viños sen alcol que xa non son un plan B". Coordina: BevZero e o enxeñeiro Alfonso Losada.

OUTRAS ACTIVIDADES

TALLER DE CAMPO

Do 13 ao 15 de marzo na Casa Grande de Rosende realizarase o Taller de Campo: PAISAJE Y HORIZONTE "Claves de la edición fotográfica" con JOSÉ GUERRERO.

Organiza: La Plantación

ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS 8-M

Desde o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober organizanse varias actividades no mes de Marzo para conmemorar o 8-M.

EXPOSICIÓNS

Do 20 de marzo ao 30 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XLVI FEIRA DO VIÑO DE AMANDI.

CONCURSO DESEÑO DE CARTEIS

Presentáronse 20 orixinais chegados de diferentes puntos do estado. O xurado acordou outorgar o primeiro premio o traballo titulado AMANDI, UN VIÑO DE CINE presentado por MARTA LUISA SILVARREY CASANOVA de BEGONTE.

Programa de Actos

Venres 27 de Marzo

-As 19:30 horas: Inauguración a cargo da ADEGA PETRÓN de Doade, en lembranza de EPIFANIO CAMPO.

-As 21:30 horas: Actuación de FESTICULTORES TROUPE.

-As 23:30: Actuación de MONOULIOUS DOP

Sábado 28 de Marzo

-As 11:00 horas: Apertura de stands.

-As 11:30 horas: Actuación dun GRUPO DE MUSICA TRADICIONAL, a través do programa Tradigalu da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

-As 12:30 horas: Actuación da BANDA DE MÚSICA DE SOBER.

-As 17:00 horas: Comezo da Precata Oficial.

-As 18:30 horas: Actuación da Charanga BANDIÑOS BAND

-As 20:00 horas: Actuación de LOUBAND.

-As 22:00 horas: Actuación de ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI

-As 23:30 Actuación de GIN TONI'S.

Domingo 29 de Marzo

-As 10:45 horas: Actuación da Charanga NBA.

-As 11:00 horas: Pasarrúas coa BANDA DE MÚSICA DE SOBER.

-As 11:30 horas: Comezo da Cata Final Oficial.

-As 11:30 horas: Misa Solemne coa Bendición de Ramos, na Igrexa de Sober.

-As 12:00 horas: Animación cunha selección de TUNAS de MADRID.

-As 12:30 horas: Recepción de Autoridades na Casa do Concello.

-As 13:00 horas: PREGÓN a cargo do chef Estrella Michelin RAFA CENTENO do Restaurante VÉRTIGO.

-As 13:30 horas: Entrega de Premios.

-As 17:30 horas: Actuación da Charanga NBA

-As 19:30 horas: Baile coa orquestra TANIA VEIRAS e OS CUMBIA POP.

**¡ Ven a Sober !
¡ Goza do Amandi !**